

A FEDERACIÓN GASLEGA DE ATLETISMO


O día 27 de marzo de 1921 se celebra nos salóns da Sociedade Coral La Oliva (Vigo) a asemblea constituínte da Federación Galega de Atletismo, un ano despois da constitución da Real Federación Española de Atletismo cuxa denominación inicial foi Federación Atlética Española. A primeira Xunta Directiva estivo integrada polas seguintes persoas: Enrique Bantle (Presidente); Guillermo Bachmam (Vicepresidente); Joaquín Freijeiro (Secretario); José Fernández (Vicesecretario); Manuel Domínguez (Tesoureiro Contador); Antonio Guiñas (Vogal); Luis Loño (Vogal). Dende entón, a FGA tivo 17 presidentes electos.

NOME	Data da alta	Data da baixa
Enrique BANTLE	1921	1924
Joaquín RODRÍGUEZ DE LAS CUEVAS	1924	1927
Manuel DE CASTRO GONZÁLEZ	1927	1928
Tomas MIRAMBELL MARISTANY	1928	1928
Joaquín FREIJEIRO SUÁREZ	1928	1929
Juan BALIÑO LEDO	1929	1931
Ángel BERNÁRDEZ LOSADA	1931	1933
Disolución da FGA	1933	
Cipriano A. BRAÑA MERINO	1934	1935
Enrique GARCÍA RINCÓN	1935	1935
Secundino ÁLVAREZ TOMÉ	1935	1941
Rafael PICÓN CAÑETE	1941	1944
Avelino GARCÍA FERNÁNDEZ	1944	1944
Faustino ÁLVAREZ ÁLVAREZ	1944	1947
Cristino ÁLVAREZ HERNANDEZ	1947	1957
Ramón VIDAL BARJA	1957	1958
División en Federacións Provinciais	1958	
Sergio VÁZQUEZ GÓMEZ	1984	2007
Isidoro HORNILLOS BAZ	2007	Actualidade

Corresponde ao presidente da Federación Galega de Atletismo, segundo os estatutos actuais, as seguintes funcións e atribucións:

- Ostentar a representación legal da FGA, ante os membros integrantes da Federación e ante toda clase de autoridades, organismos, tribunais, entidades, corporacións e particulares.
- Convocar e presidir os órganos de goberno e representación da FGA con voto de calidade en caso de empate na adopción de acordos, e executar os mesmos, asumindo a presidencia dos devanditos órganos.
- Estimular e coordinar a actuación dos distintos órganos federativos.
- Ordenar os pagos a nome da federación, asinando coa tesoureira, ou secretario xeral ou persoa expresamente designada polo presidente para substituílos.
- Coidar de que os órganos federativos axusten a súa actuación ao disposto nos Estatutos e nos Regulamentos que os desenvolven.
- Conferir poderes especiais ou xerais a letrados, procuradores ou calquera outra persoa mandataria para que ostente a súa representación legal, tanto en xuízo como fóra del.

- g) Convocar a Asemblea Xeral, a súa Comisión Delegada, a Xunta Directiva e os demais órganos complementarios dos de goberno, que presidirá.
- h) Nomear e cesar ós/as Delegados/as das Delegacións da FGA.
- i) Designar ao/a Secretario/a Xeral e ao/a Tesoureiro/a.
- j) Designar e cesar ós/as membros da Xunta Directiva e dos demais órganos non electivos da FGA e crear e suprimir órganos, comisións o comités e nomear e cesar os/as seus/súas membros.
- k) Proponer á Comisión Delegada da Asemblea Xeral:
 - 1. A modificación do calendario deportivo
 - 2. A modificación dos orzamentos
 - 3. A aprobación e modificación dos regulamentos
- l) Ademais todas aquelas atribucións conferidas por todos os órganos superiores de goberno e as que se deriven dos presentes Estatutos e as Leis.



Histórico de Presidentes da FGA

